



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa.

Servizo de Xestión Económica e Educación
de adultos
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

AXUDAS PARA A FORMACIÓN DE ADULTOS CONVOCADAS POLA ORDE DO 29/12/2010 E PUBLICADAS NO DIARIO OFICIAL DE GALICIA DO 05/01/2011.

En cumprimento do previsto na base 5 da orde de convocatoria citada, pónse en coñecemento de todos os solicitantes que a Comisión de Avaliación procedeu no día de hoxe a valorar as solicitudes presentadas.

No Anexo I figuran os concellos e as entidades sen ánimo de lucro que obteñen unha subvención, ordeadas en función da puntuación obtida polo seu proxecto educativo seguindo o criterio establecido na base 7 da orde.

No Anexo II relacionanse tanto as entidades locais como as asociacións sen ánimo de lucro que, ben por incumprimento dalgunha das bases da convocatoria, ben por esgotamento do crédito orzamentario ou porque a súa puntuación é máis baixa que a establecida como mínima son propostas para denegación.

De acordo co establecido na base 5ª da convocatoria, aqueles interesados que o consideren conveniente disporán de 10 días de prazo para presentar alegacións. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel que figure no apartado “Anuncios” -como data do anuncio-, da páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es/.

O que se pon en coñecemento de todos os solicitantes.

Santiago de Compostela, sete de abril de 2011
O presidente da Comisión de Avaliación

Manuel Corredoira López.